



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Teoría das Relacións Laborais	Código	760G01010	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	De Castro Mejuto, Luis	Correo electrónico	luis.de.castro@udc.es	
Profesorado	De Castro Mejuto, Luis Munín Sánchez, Lara María	Correo electrónico	luis.de.castro@udc.es l.munin@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<ol style="list-style-type: none">1. Cúrsase no primeiro curso do grao, como materia obrigatoria.2. Trátase dunha materia a través da que se pretende capacitar ao estudiantado no emprego dos conceptos, das perspectivas e dos modelos de produción en que poden operan as relacións laborais.3. Os contidos da materia, estreitamente relacionados coas demais materias que conforman o plano de estudos, responden á necesidade de incorporar á formación do estudiantado as habilidades e ferramentas esenciais para coñecer as dinámicas que teñen lugar nas relacións laborais, tanto individuais como colectivas.4. Concretamente, perséguese que o estudiantado poida realizar unha análise da realidade xurídico-laboral, tendo en conta a súa capacidade para comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais, para percibir as diferencias existentes entre os diferentes modelos de relacións laborais, para valorar as decisións emanadas dos suxeitos que interveñen nas relacións laborais, para analizar o comportamento dos axentes sociais nos diferentes modelos de relacións laborais, e por último, para apreciar as diferencias existentes entre os diferentes modelos de benestar5. Todo isto explica que se establezan como obxectivos: 1) capacitar para comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais; 2) capacitar para comprender as diferencias existentes entre os diferentes modelos de relacións laborais; 3) capacitar para valorar as decisións emanadas dos suxeitos que interveñen nas relacións laborais; 4) capacitar para valorar o comportamento dos axentes sociais nos diferentes modelos de relacións laborais; e 5) capacitar para comprender as diferencias existentes entre os diferentes modelos de estados de benestar.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Reforzase a utilización de Moodle e de Teams, especialmente para a realización sincrona da docencia expositiva, nos horarios asignados. *Metodoloxías docentes que se modifican Reforzamiento da "solución de problemas", en relación coa docencia interactiva.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Planificación do traballo semanal, con notificación a través de Moodle e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: As porcentaxes na avaliación mudan para ser dun 30% na proba obxectiva e dun 70% no portafolio, de tal xeito que adquire maior importancia o traballo propio da avaliación continua.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.
A11	Teoría e sistemas de relacións laborais.
A12	Historia das relacións laborais.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A15	Dirixir grupos de persoas.
A22	Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B5	Toma de decisións.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
B13	Adaptación a novas situacións.
B17	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
A1 Marco normativo regulador das relacións laborais. A3 Saúde laboral e prevención de riscos laborais. A11 Teoría e sistemas de relacións laborais. A12 Historia das relacións laborais.	A1 A3 A11 A12		
transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas. Seleccionar e xestionar información e documentación laboral. Dirixir grupos de persoas. Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais. Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados. Aplicar os coñecementos á práctica. Traballo en equipos. Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.	A13 A14 A15 A22 A27 A31	B1 B5 B9	C1 C4 C6
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. Motivación para a calidade. Adaptación a novas situacións. Sensibilidade cara a temas medioambientais. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.	A32 A33	B2 B6 B12 B13 B17	C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas



PARTE PRIMEIRA INTRODUCCIÓN.	TEMA 1. A TEORÍA DAS RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 2. TEORÍAS E MODELOS ANALÍTICOS DOS SISTEMAS DE RELACIÓNS LABORAIS.
PARTE SEGUNDA HISTORIA DA REGULACIÓN DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS.	TEMA 3. A ETAPA DE DISPERSIÓN NORMATIVA. TEMA 4. A ETAPA DE SISTEMATIZACIÓN NORMATIVA. TEMA 5. A ACTUAL ETAPA DE IMPREGNACIÓN CONSTITUCIONAL E DE EUROPEIZACIÓN.
PARTE TERCEIRA A REGULACIÓN ACTUAL DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS.	TEMA 6. AS FONTES DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS. FONTES INTERNAS. TEMA 7. AS FONTES DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS. FONTES INTERNACIONAIS.
PARTE CUARTA A RELACIÓN LABORAL INDIVIDUAL.	TEMA 8. O TRABALLADOR. TEMA 9. O EMPRESARIO E A EMPRESA. TEMA 10. O CONTRATO DE TRABAJO.
PARTE QUINTA AS RELACIÓNS LABORAIS COLECTIVAS.	TEMA 11. AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS. TEMA 12. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA E OS CONFLITOS COLECTIVOS.
PARTE SEXTA AS RELACIÓNS LABORAIS DESDE UNHA PERSPECTIVA COMPARADA.	TEMA 13. OS MODELOS COMUNITARIO E COMPARADO, EUROPEO E NORTEAMERICANO, DE RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 14. O IMPACTO DA GLOBALIZACIÓN OU MUNDIALIZACIÓN DA ECONOMÍA NAS RELACIÓNS LABORAIS.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A33 A32 A31 A27 A22 A14 A13 A12 A11 A1 B1 B2 B5	2	6	8
Portafolios do alumno	A33 A32 A31 A27 A22 A15 A13 A12 A11 A3 A1 B17 B13 B12 B9 B6 B5 B2 B1 C1 C4 C6 C7 C8	20	40	60



Sesión maxistral	A1 A11 A12 A14 A27 A32 A33 B6 B12 C6 C7 C8	27	54	81
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Portafolios do alumno	A os efectos de esta materia o portafolios do alumno designa o conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor.
Sesión maxistral	Exposición oral en inglés e castelán, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Sesión maxistral Portafolios do alumno	<p>A actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo dos contidos desta materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.</p> <p>Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual) e ten especial utilidade para o alumnado con dispensa de asistencia ou matrícula parcial.</p> <p>Non se debe confundir atención personalizada con titoría académica, xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno un titor desde primeiro curso ata que finaliza os estudos universitarios de grao, co obxectivo de ofrecer un soporte permanente e formal naqueles momentos nos que debe tomar decisións.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	A33 A32 A31 A27 A22 A14 A13 A12 A11 A1 B1 B2 B5	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.	50
Portafolios do alumno	A33 A32 A31 A27 A22 A15 A13 A12 A11 A3 A1 B17 B13 B12 B9 B6 B5 B2 B1 C1 C4 C6 C7 C8	A valoración do conxunto de prácticas e traballos realizados polo alumno permite avaliar o progreso dos coñecementos obtidos e o traballo que o alumno realiza sen presenza da persoa encargada da docencia, especialmente en orden á súa aplicación na práctica.	50

Observacións avaliación

I. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN 1. Do volume total do traballo do estudantado nesta materia, unha grande parte corresponde ao traballo individual ou en grupo que o propio estudantado se compromete a realizar sen a presenza da persoa encargada da docencia. 2. A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido, tendo en conta sempre que a maneira de avaliar condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na propia aprendizaxe. 3. A proba escrita obxectiva avalía o resultado obtido, mais non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. Precisamente por isto, valorárase o rendemento e as aprendizaxes acadadas a través da combinación entre actividades de avaliación formativa e de avaliación final, de modo que a cualificación será o resultado da avaliación continua e da realización dunha proba final. 4. A avaliación continua implica valorar o esforzo e o proceso na aprendizaxe por medio da participación do estudantado. 5. A proba obxectiva implica valorar os resultados da aprendizaxe.

II. CRITERIOS ESPECÍFICOS DA AVALIACIÓN

1º) A puntuación total da asignatura comprende dúas partes : a proba obxectiva que representa o 50% da nota, e o conxunto de prácticas realizadas durante o curso ,que comprenderá o 50% restante. A entrega das prácticas para a súa valoración polo profesor só poderá realizarse na plataforma Moodle e dentro do prazo indicado en cada caso polo profesor.

2º) É imprescindible acadar o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar para que se sumen as diferentes metodoloxías de cara a obter unha nota media final. De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das partes, o alumno non superará a materia.

3º) O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá cumprir cos mesmos requisitos que o resto do alumnado, ao non ter ponderación na súa avaliación a asistencia presencial a clase.

III. SEGUNDA CONVOCATORIA: Na convocatoria de Xullo os alumnos deberán examinarse da parte da asignatura que non superasen na convocatoria ordinaria, gardándose a nota da parte superada. É dicir: de ter superada a proba obxectiva, deberían entregar o portafolios; de ter superado o portafolios, deberían realizar a proba obxectiva; de non ter superada ningunha, deberán superar ambas dúas.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- MARTINEZ GIRON, J., ARUFE VARELA, A., y CARRIL VAZQUEZ, X.M. (2006). Derecho del Trabajo. Netbiblo- MARTINEZ GIRON, J., y ARUFE VARELA, A. (2016). Derecho Crítico del Trabajo. Atelier- MONEREO PÉREZ, J.L. Y VVAA (). Manual de Teoría de las Relaciones Laborales. Madrid. Ed. Tecnos.- J.M.BLANCH RIBAS (Coord.) (). Teoría de las Relaciones laborales. Fundamentos.. Universitat oberta de Catalunya- J.M.BLANCH RIBAS (Coord.) (). Teoría de las Relaciones laborales.Desafíos.. Universitat oberta de Catalunya- RIBON SEISDEDOS, M.A. (). Teoría de las Relaciones laborales. Aproximación desde la sociología..
----------------------------	--

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Dereito/760G01001

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito Societario e Cooperativo/760G01006

Historia Social e Política contemporánea/760G01009

Materias que continúan o temario

Dereito do Traballo I/760G01011

Dereito Sindical II/760G01014

Dereito da Seguridade Social I/760G01021

Auditoría Laboral/760G01035

Dereito Laboral Comunitario e Institucións da Unión Europea/760G01036

Historia Social do Traballo/760G01040

Procedemento Administrativo Laboral e Sancionador/760G01042

Relacións Laborais no ámbito Naval e Marítimo-Pesqueiro/760G01043

Dereito Sindical I/760G01013

Dereito do Traballo II/760G01012

Dereito da Seguridade Social II/760G01022

Observacións

Recoméndase a asistencia a clase, a realización de todas as actividades que se planifiquen na mesma e a participación nos actos académicos e non académicos organizados tanto polos profesores que imparten a materia como polo centro. Advírtese expresamente aos alumnos de que nesta materia faise uso, como medio preferente para o desenvolvemento da materia, das plataformas Moodle e Teams, polo que é responsabilidade do alumno o uso desta ferramenta e a súa periódica consulta.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías